

# PRÉGÓN DE LA SEMANA SANTA DE VIVEIRO 2012

Por Luz Pozo Garza  
Miembro Numeraria de la Real Academia Gallega

*Discurso dedicado á nosa querida familia: Manolita Paz e Susana Carballo*

*Nacín en Ribadeo en 1922.  
Cheguei a Viveiro aos sete anos.  
Voaban gaivotas no porto  
Entrei pola porta grande de Carlos V  
que eu nunca vira outra igual...  
nin a ponte. Nin o río. Nin a mar a mar...*

*¿Qué sabemos del drama del agua contra el agua?  
preguntaba Pimentel...*

*E eu naquela cabeciña soñadora imaxinei que entraba num castelo encantado onde viviría as  
marabillosas aventuras, de emblemáticas lendas  
e de aves que viñan ás mans e falaban linguas  
misteriosas que eu entendería naquel mundo  
de ensño que se abría absoluto aos meus ollos  
propicios á maxia...*

*e así foi...*



De seguida me decatei de que o meu soño era real: a Porta que me engaiolaba / e que non podía parar de mirar, / a chamaban **O Castelo da Ponte** e por de dentro mirei e vin que estaba consagrada aos Santos tutelares que Deus garde...

Xa tiñamos alugado un piso, nas casas de Tomás Milia, con galerías que miraban ao outro lado da rúa -ao horto cerrado de Melibea...

Eran aqueles, hortos de contemplación que aínda en 1930 gratificaban a ollada -e a vida- no mundo familiar, acaso medieval, das nosas vilas...

Máis adiante a sorte premiárame, na rúa paralela, a de Cayuela, coa fermosa visión doutro xardín deleitoso: o xardín da casa de dona Justa García, bisaboa do meu prezado presentador Antonio Abril.

Nesa fermosa casa grande de pedra e transparencia, con tres fachadas á luz, vivín antes da guerra e despois da guerra.

-Na miña vida todo se foi artellando ao redor da guerra e en relación con ela-

E este novo xardín que eu contemplaba agora desde a galería de vintetantos maineles ou bastidores- trae historia... foi o xardín, que eu compartía coa mirada limpa, inocente, sabia, do neno Ramón Pernas, fillo de Moncho e de Carme... o neno que vin medrar no seu balcón onde se me aparecía coas inefables follas do periódico que el compoñía á man, e que bautizara co feliz título de A TROLA...

-¿e que estupendo título para algún diario actual!-

Pois... este xardín último das miñas olladas viveirenses, vai unido ás miñas saudades.

Este xardín que se centraba estético e sentimental, tomaba a forma xeométrica dos soños que se fan lenda, pois queren ser realidade pura e non poden, que a saudade non lles deixa. Fanse tamén alma...

-Sempre a saudade removendo a alma... -

Estes xardíns soñados, máis reais, digo eu, ca propia vida, están agora aínda a latexar no corazón sen perder ritmo...

Deixar Viveiro aos catorce anos recentísimos, foi triste. O poeta Ovidio axudoume no exilio, cando relembra a cidade perdida. Miraba eu á noite azul de Africa, como San Agustín a miraría onte, contemplando aquela Y grega que forma a constelación das Pléyades que eu admiraba ateigada de pasmo e de fascinación das sete estrelas sobre a miña cabeza. Cada noite. Cada noite. Mirando o firmamento. En silencio. Sen lle facer confidencias ao severo pai que non admitía laios, naquela miña soidade adolescente, lonxe, lonxe... Semellaban as Pléyades unha cometa a voar no ceo cun longo fío para suxetar correndo pola praia de Covas... Contar as sete estrelas... Electra. Maya. Alción. Taicete. Celeno. Merope. Esterope...

Pero non foi Agustín senón Ovidio quen me consolaba no exilio pola cidade perdida... e eu tamén chorar...

Dicía Ovidio: Cando recordo a imaxe daquela tristísima noite. A derradeira noite en Roma na que o deixei todo aínda agora tamén se desprende dos meus ollos unha lágrima...

*Cum subit illius tristissima noctis imago...*

*Qua mihi supremum tempus in Urbe fuit*

*Cum repeto noctem qua tot mihi cara reliqui*

*Labitur ex oculis nunc quoque gutta meis.*

... E nestas horas que Deus aínda me concede para facer este sinxelo discurso na querida cidade de Viveiro, que eu teño por adoptiva, coa miña natal Ribadeo onde vin a luz -hai xa- 90 primaveras... nestas horas, digo, diante de todos vós, dou grazas a Deus... coa música do *Adeste Fideles!*, con letra inventada como ando por casa cantando, destrozando a música e refrescando a alma...

Ramón e máis eu falamos ás veces do estanque visualmente compartido onde a realidade tamén se facía mito naquelas misteriosas ras de bronce que non croaban, pois se o fixeran non serían míticas, senón un defecto da natureza- como o consideraban os máis adiantados impresionistas e os adeptos ao símbolo como Huysmans -decadentista convertido ao catolicismo- cuxo requintado personaxe, Des Esseintes, fixo

recubrir de pedras preciosas a coraza: o vulgar caparazón da tartaruga que tiña por animal de compañía...

**... e todo se fixo no meu recordo fábula de fontes  
e pasamos a outro tema...**

Desde os primeiros tempos en Viveiro vinme casualmente achegada á unha familia moi prezada.

A familia Abadín García: Aló, na primeira casa da primeira galería e o primeiro xardín, coñecería á primeira amiga en Viveiro: tería eu sete ou oito anos e ela un ano menos. Falo de Susa Abadín García, nai de Antonio Abril, quen con tanta xenerosidade ven de me presentar.

Susa, hai días, na casa de Antonio, saudábame en francés desde Oviedo. Foi un chisco de humor polo recordo dos vellos tempos -nada menos que 82 anos despois.

A pequena Susita foi a primeira alumna infantil da miña nai Luz Garza Feijóo-Montenegro, profesora de idiomas. Daquela só asistían ás clases de inglés estudantes universitarios, Tomás Milia, Antonio Meirás, o Xefe de Telégrafos e outros...

A nena Susita chegou á nosa casa tras do fatal accidente de automóbil que custou a vida ao seu pai Vicente Abadín, recoñecido persoeiro que, moi esforzadamente, dotou a Viveiro da traída de augas, unha idea entón utópica convertida en pública realidade. Don Vicente, tamén abó de Antonio Abril...

Para acompañar a Susita, non volvían ao Colexio de Cristo Rey donde eu era feliz. Naquelas aulas viviamos as nenas con terror a morte de Abel o Xusto, polo resentimento fratricida de Caín "da caste do demo".

-Xa daquela se estaban a fraguar no noso mundo outros horrores ben máis próximos...

Máis tarde virían do colexio de Madrid, Maruja e Chicha Abadín, Maruja casou antes da guerra, pero Chicha é Susa conuarian nas clases, xa numerosas, ata a guerra civil... Nós abandoamos Viveiro en 1936. E voltaríamos depurados a Viveiro en 1940.

Pero nunca xa nos poderíamos recuperar da perda do meu único irmán, Gonzalo, soldado de 20 anos, morto no hospital militar de Jaca-Huesca- nos primeiros días de abril cando remataba a guerra:

***Bordei primeiro o nome  
Logo unha cruz de neve  
e por último a flor de nomeolvides***

***E era un soldado raso moi noviño  
vencido do lado da victoria.***

Estes versos fragmentarios pertencen ao meu libro *Vida Secreta de Rosalía*. Son palabras bordadas no canabazo da tristeza. Están agora, en versión do poeta xaponés Shozo Nakanishi, na boca e no corazón dos lectores do País do Sol Nacente. Rosalía de Castro xa era moi coñecida e valorada no Xapón. Aos "universais do sentimento" -que definiu Machado: amor, olvido e morte - ela, Rosalía, engadiría novos valores moi sutís, mesmo naquela loita metafísica emprendida cunha Sombra que segue asombrando ao mundo... Pois as empresas interiores transcendentales son universais.

Por iso mesmo, polos valores que a Semana Santa de Viveiro revela, fíxose universal e necesaria. Sabémolo desde hai centurias. Intuímolos desde a primeira representación cando aínda todo a floraba na súa fragilidade, como exercicio ascético, anhelo místico, arela de gloria, soño de Fe...

Pois nese soño de Fe adiviñábase a súa categoría de verdade pura. O seu rango do sobrenatural. Posuía o misterio

teoloxal da vida e da morte que sobrecolle e emociona ata nos parar nalgures á fin dos tempos. Adherímonos con ollos e mente a esa fidelísima verdade da Semana Santa de Viveiro que se mostra no tempo en acordada e admirable representación.

De aí que a santa empresa nos convoque ata xerar o máximo compromiso de xenerosidade, de altruísmo e sobre todo de Amor. Amor e Fe son sempre inseparables.

San Paulo así o ratifica incansable na primeira *Carta aos Romanos* -aínda non ser a primeira mais si a principal- escrita nun grego culto e un estilo sobrio que os milenios non desgastan. Así trasladamos a súa mensaxe porque tamén nós somos os destinatarios de tanta Fe. E fala Paulo:

*"porque no Evanxelio a xustificación de Deus  
revelase desde a fe e para a fe, tal como está escrito:  
"o que é xusto pola fe, vivirá"..."*

E para que Viveiro, durante séculos, se entregue con inverteado Amor e Fe a unha tradición fidelísima, e para que se consiga tanta beleza, arte, magnificencia, e sobre todo, para que se xeren tan emotivos actos de unción, fervor, meditación de íntimo recollemento... para que asombren ao mundo, ten que actuar necesariamente unha forza, un impulso, unha influencia, un poder -si- un Poder superior sobrenatural que incida como un misterio. Activación mística sobre do espírito e das almas...

Poden existir evidentes razóns que activen a intuición temporal pasado-presente onde nos movemos. Onde respiramos. Onde somos nós. Encántanos reproducir o anterior retrospectivo. Relembramos o que fumos. Agarimamos a memoria da alma...

Precisamos crer que calquera tempo pasado foi mellor cando ese bendito legado se mima, se coída e acariña, se pule como tesouro, se edifica na Fe e se mostra apaixonadamente ás almas do mundo sedentas de verdade e de amor -que somos todos... Todos... Que estamos hoxe tan necesitados de oración e de perdón como cando Cristo Xesús - despedíndose do seu sagrado Ministerio na terra, rogaba como un Fillo ao seu Pai por aqueles discípulos xa orfos, pouco antes de se entregar aos victimarios no Horto das Oliveiras...

No Paso, namentras os apóstolos caen envolvidos nun sono irreparable, Xesús, en total soidade e abandono, de xionllos, ora diante do Anxo, inmutable portador do inmenso Cáliz da Paixón:

*¡aparta de min ese cáliz, Pai,  
mais fágase a túa vontade!*

Na dramática representación, as tintas escuras, como tamén a evidente desmesura do Cáliz, sinalan un destino inexorable: téñense que cumprir as Escrituras...

Estamos, pois, nun Momento de patética inflexión no Evanxelio de San Xoán, onde a Paixón do noso Redentor, ven dar o ineludible comezo do que todos nós, agora mesmo, imos participar.

*Perdoa ao teu pobo, Señor!*

Louvámoste con salmos. Dános Señor a palabra que salva pedimos:

**SALMO**

*Purifica señor as miñas mans  
pra te louvar con música de cítaras*

*con ríos sonorosos  
con voces solitarias que namoran*



FOTOGRAFÍA: JOSÉ MIGUEL SOTO

*con silbos delicados  
de escuros reiseñores malferidos  
mais a alma devece pola túa Palabra...*

*acolle meu señor o fiel concerto  
aire de cedros ventos de ameneiro*

*coros de amor  
endexamáis sentidos...*

*mais a alma devece pola túa Palabra*

*Tí coñeces Señor a paixón diamantina:  
descobrir unha rosa  
abrir unha fiestra  
descompoñer a luz...*

*Cando meniña déronme un piano  
festexei con cántigas e salmos*

*con vilanciños e con panxoliñas  
con partituras santas*

*fugas de Bach  
ou música de Schubert...*

*mais a alma devecia pola túa Palabra*

*Cando maior quixen deixar un himno  
que a cidade che ofreza en assemblea:*

*Pan de inmortalidade  
Viño de Sangue pura  
para vencer a Morte...*

*e a miña alma devecia pola túa Palabra*

*Inda se canta o himno en Vilahermosa  
inda o meu corazón vive e remíte  
ao acordado salterio...*

*mais a alma devece pola túa Palabra*

*Señor Bendito sexas  
Aleluya!*

Os pasos procesionais saen da custodia eclesial e espandén ascetismo e devoción polas rúas e prazas da vila. Está saíndo de San Francisco... a primeira imaxe venturosa do día: a da Entrada triunfal de Xesús en Xerusalén.

O paso fai a ledicia dos nenos de Viveiro e de cantos levamos a infancia na alma. /“Facédevos como estes e entraredes no Reino” /. Cabalga Xesús a lomos da burriña.

Un cativo precede esta visita. Levanta a palma coa man esquerda. Axita a dereita para convocar ás xentes afortunadas que ven a Xesús. A boquiña do neno está entreaberta mentras ledo chama...

«ENTRADA TRIUNFAL DE JESÚS EN JERUSALÉN O “LA BORRIQUITA” EN LA PLAZA MAYOR» • 1948 — FOTOGRAFÍA: ANTONIO RIVERA



Parece que vai dicindo: Hei!. Hei!. Vide. Vide todos co noso Señor! Xesús en Xerusalén. A Luz do Mundo!. Os nenos son como anxos. Acude a xente con ramos de olivo... e ramas de palmeira e exclaman ¡*Hosanna. Bendito o que vén en nome do Señor. ¡Hosanna!*. Xesús bendice coa man dereita en alto e a man esquerda xusto sobre o corazón... Todos nos facemos nenos en Viveiro para sempre!

A Santa Cea constitúe outra secuencia emblemática. Unha das máis queridas da infancia. Polo candor e inxenuidade na representación do conxunto apostólico. Aquí están todos os personaxes do drama. Xesús preside de pé á cabeceira da mesa co Cáliz na man. Á súa esquerda, o discípulo amado. Á dereita, San Pedro, Xudas, no extremo, coa fatídica bolsa.

As figuras foron inspiradas en seres humanos. Mariñeiros de Celeiro ou da costa foron o modelo ideal para o artista J. Sarmiento, veciño de San Ciprián- escribe Juan Donapétrý, querido e recordado cronista amigo. Diante deses expresivos rostros humanos do paso da Santa Cea, a xente animábase a chamalos polos seus nomes.

Sentimentos contrarios, agora moi dolorosos, suscita a imaxe do Santo Ecce Homo-V.O.T. do século XV, chamada dos franceses: explica Donapétrý no seu admirable libro: esta santa imaxe salvou Viveiro da pillaxe francesa napoleónica.

Ollámolo con piedade: Longa melena de pelo natural. Ollos baixos. Pómulos saíntes polo suplicio sufrido, boca fruncida coa dor... "*Velaquí o voso rei*"- ironiza Pilato... Eran as doce do día...

Tamén o Ecce-Homo da Misericordia suscitou desde o século XVII gran devoción en toda a comarca. Sendo eu nena impresionábame o fervor popular de aquela xente piadosa que, ofrecida, percorría de xeonllos toda a ponte ata a Capela da Misericordia.

Para protestar por tanta iniquidade, organiza a Xunta de Cofradías, unha tamborada polas rúas de Viveiro ata a Praza Maior. Redoble dos tambores. Viveiro todo trema... Trema...

As Mulleres de Viveiro chámanse, convócanse, envólvense na mantilla tradicional, únense na esixencia da hora, e saen da Igrexa de San Francisco no máis solemne Via Crucis feminino nunca contemplado.

Son da "*Hermanidad de Mujeres de la Santa Cruz*", da que me honro en pertencer desde hai máis de 50 anos... Acompañan a un fermosísimo paso do s. XV. da V.O.T. O Cristo da Vera Cruz. /A preciosa Virxe da Esperanza desde 2010, enche de amor o corazón desta Irmandade de Mulleres, e de futuro de gloria/ Amen!.

Os homes de Viveiro sinten a mesma devoción e fidelidade ao Señor. O Via Crucis de Homes sae da Igrexa de San Francisco polas rúas xa impregnadas de emoción relixiosa. Acompañan ao santo Cristo da Agonía. Van tamén 14 penitentes coa Cruz ás costas. Viveiro convócase e chora. Lánzase ás rúas por amor a Cristo. "Tú me mueves Señor!"... treman as almas...

A sagrada imaxe de María ao Pé da Cruz, que tanto amor desperta desde 1908, está sempre no corazón desta pregoeira. Contémplanos Ela con especial tenrura e dá a impresión -nese dinamismo emocional que posúe- de querer vir con nós... *Stabat Mater*. Para min, o poema máis fermoso de Jacopone da Todi. *Stabat* quiere decir "estaba de pé", como tantas veces o repetía D. Xesús Noya na súa clase. Foi unha oración favorita da miña nai... *sobre todo desde que lle morreu o seu fillo:*

*Stabat Mater dolorosa/ juxta Crucem lacrimosa  
/dun pendebat Filius/ cujus animum gementem  
contristatum e dolentem pertransiit gladius...*

**Gladius:** a espada atravesando o corazón de María: a dor da nais que dalgunha forma perden fillos... D. Xesús Noya

falaba con unción de Jacopone da Todi... e do poverello San Francisco de Asís... conmovido de tanta humildade, el D. Xesús, sabio pobre e abatido... a quen tanto quero, oíame con bágoas o recitado do *Stabat Mater*...

A Procesión do Prendemento -da súa Irmandade- resume nesa intensa expresividade das figuras, un dramático contraste: entre a maxestade incólume de Xesús -que non se inmuta co beso de Xudas, cun facho na man- nin coa actitude agresiva dos soldados e a lexítima reacción defensiva de Pedro... Fala Xesús con toda a realeza da súa Divinidade: "*Son eu Xesús de Nazaret a quen buscadeis! Xa volo dixen. Deixade libres a estes...*"

A sinxela e pura emoción do Venres Santo conmove de forma especial no Encontro. Cando nena non podía conciliar o sono na espera del no cantón da praza. Qué emoción popular tan íntima transmitían aquelas venerables imaxes articuladas da Caída do Fillo de Deus baixo o peso da Cruz. Desolación da Santa Nai. Piedade da Verónica co pano. San Xoán, preto do Señor. Almas que moi lentamente se achegaban. A xente impresionada salouca. Don Francisco Fraga fala, canta, dirixe, móvese organizadamente. Algún cirio perdido na crisma dalgún rillote...

A Procesión do Santo Enterro, admira desde todos os puntos de vista -Ilustre Cofradía do Santísimo Rosario- precedida da Cruz Procesional do século XVI, é un dos pasos monumentais da Semana Santa de Viveiro. Xesucristo xacente é o centro de todas as olladas pías. A súa color xa non é deste mundo. Estase a verificar o proceso da Resurrección. Catro fermosísimos Anxos portan divinos atributos da Paixón nas catro direccións do espazo cuadrangular. O cuaternario ten na Igrexa raíces místicas. Dixo Platón: O ternario é o número da idea. O cuaternario é o número da realización da idea.

Os Anxos son entidades místicas. Milenarias. Protectoras e sublimes. Custodian o divino Corpo do Señor e velan de xionllos a Alma divina de Cristo ata o Momento Glorioso da Resurrección.

Pasan as figuras amadas da Magdalena, San Xoán. Pasa agora Nosa Señora da Soidade -La Soledad- en desconsolo. Ven ataviada cun impresionante manto de negro veludo que recubre as sagradas plantas. Nas mans o inevitable pano de bágoas. *Quis est homo qui non flet?*

Inquire Jacoppone da Todi... como profetizando este intre do Paso da Soidade: Si *¿Que home non choraría?*

Chega ás rúas de Viveiro o patético paso das Sete Palabras. O Calvario co Cristo da Agonía. Os dous ladróns ¡que somos toda a humanidade!... O Gólgota ou lugar da Caveira a onde todos conducimos ao Señor dunha ou doutra forma... Cumpríronse as Escrituras.

Nai. Ahí tes ao teu Fillo: Calquera home de Fe. Apóstolo amado: velaí á túa Nai: que son todas as mulleres que ensinaron a Fé aos filliños...

A Procesión da Soidade é unha das secuencias santas / vividas con maior intimidade nese ámbito de silencio existencial, recollemento e contrición. / A morte de Cristo dexa as almas para sempre feridas. / As rúas reciben lágrimas de sincero arrepentimento e desolación. / As rúas reciben asombradas na noite, as bágoas, que gotean dos cirios / unidas ás nosas, / que van deixando a súa impronra mística no chan.

Escóitanse os pasos penitentes nas lousas como un rezo dramático monocorde...

Arrepentimento e promesas moi sinceras no corazón, ao unísono das pasadas lentísimas do silencio...

**Non o busquedes ¡Xesús resucitou!**

Domingo de Pascua da Resurrección do Señor...

De cara a un Ceo esplendor puro. Diante da Igrexa de Santa María. No alto da cidade xa santificada pola dor da Paixón de Cristo e a súa pública liturxia, álzase en Maxestade, todo refulxencia e albura, o noso **Redentor Resucitado. Xesús Cristo.**

A morte non existe.

A Irmandade das Sete Palabras exalta o misterio da Resurrección de Cristo na santa procesión do Vía Lucis-Camiño da Luz. Cristo triunfante e Nosa Señora do Camiño, polas rúas de Viveiro, colman de gloria ás almas no xúbilo da Esperanza.

## ANTICIPO DA ETERNIDADE

*Pasan anxos de neve e figuras de luz  
por enriba dos soños e nós estamos cegos  
e pasa un río amado como a vida*

*Algunha vez te ensumes-pásame con frecuencia-  
na propia sintonía do corazón  
e soñas con paxaros e con fontes  
que foron onte fábula de infancia*

*e ves partir as aves que amabamos de neno  
ao declinar a tarde  
cando arelamos algo*

*Ha ser nese momento cando se expande a alma  
nas ondas primordiais que conforman a vida  
e un sopro silencioso delgadísimo insomne  
vénnos rozar as pálpebras...*

*E tal vez pasa un Anxo  
investido de graza e transparencia  
por diante dos ollos  
e nós non vemos nada*

*E se por riba do portento  
podemos contemplar a frescura e duración  
dun río amado  
no que acorda de nós  
e o que se leva a vida  
imos feridos polo amor e ausencia*

*Contemplamos a forma confiada do río  
a andaina transparente e indefensa  
a flor azul das augas  
naquela gravidade e increíble lisura  
a se perder na tarde dalgún xardín de inverno...*

*E o corazón non pode soportar  
a beleza do mundo- ese milagre-  
se vive en soidade  
e vai ferido pola ausencia e a morte*

*E afástase das horas  
a contraluz do río da existencia  
nunha antipación da Eternidade... ■*

«VÍA CRUCIS» — FOTOGRAFÍA: JOSÉ MANUEL PALEO



FOTOGRAFÍA: JOSÉ MIGUEL SOTO

FOTOGRAFÍA:  
JOSÉ MIGUEL SOTO